

Área de
**CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 18 DE AGOSTO DE 2023

Ás 11:05 horas do día 18 de agosto de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 11 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidenta:** D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa da Área de Contratación
- Vocais:** D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19.756-77)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión, por ausencia da xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o 11 de agosto de 2023 dando conta do erro na proposición avaliable a través de fórmula de FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L.

En base ao anterior informe e tendo en conta, entre outras, a resolución nº 136/2023 do 4 de agosto do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, a Mesa acorda conceder un prazo de tres días ao citado licitador para que aclare a porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP en cada un dos lotes, sen que en ningún caso poida alterar os termos da oferta. En consecuencia, non cabe aclaración sobre a experiencia do persoal docente por canto na súa oferta non indica nada ao respecto. Así mesmo, o licitador deberá presentar o orzamento detallado esixido no apartado 6B do Anexo I -FEC- e na cláusula 14.2.C do PCAP para cada un dos lotes.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:00	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA549-E2B5B9-B13C39-B4LK8R-K1NKSG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoría sobre o transporte urbano colectivo (3.896-449)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo comité técnico multidisciplinar constituído pola xefa do Servizo de Transportes, o xefe da Área de Investimentos, o responsable de Modernización e Innovación de Administración Electrónica e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos municipal da Área de Fomento o 11 de agosto de 2023 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

A Mesa acorda, por unanimidade, deixar pendente dun maior estudo o referido informe.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoría sobre o transporte urbano colectivo (3.896-449)

Retírase este asunto porque a Mesa acordou deixar pendente dun maior estudo o informe entregado no punto anterior.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto dos servizos de mantemento integral das instalacións eléctricas dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26.218-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 7 de agosto de 2023 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto dos servizos de mantemento integral das instalacións eléctricas dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26.218-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:00	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA549-E2B5B9-B13C39-B4LK8R-K1NKSG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de mantemento integral das instalacións eléctricas dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26.218-332) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	SIELVIGO, S.L.	93.06
2	APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO, S.L.	63.50

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, SIELVIGO, S.L. (B-36.823.227), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- (“Certificado de empresa instaladora de equipos e instalacións eléctricas, expedido pola Delegación de Industria”).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248.390-301) (lote 3)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar no lote 3 deste procedemento, NORFORMACIÓN, S.L. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación comunica que con data do 31 de xullo se notificou a resolución de clasificación deste lote ao licitador clasificado en primeiro lugar co requirimento da documentación segundo o previsto no artigo 150.2 da LCSP.

O licitador presentou documentación dentro do prazo concedido, o 10 de agosto de 2023.

Unha vez examinada a referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de 3 días a NORFORMACIÓN, S.L. para que poida emendar a acreditación da solvencia técnica e profesional segundo o esixido no apartado 5C do Anexo I -FEC- e na cláusula 8.8.3º do PCAP:

"Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ó 50% da anualidade media do prezo do contrato".

*"Os medios de acreditación son os que figuran na cláusula 8.8.3º do presente prego".
"Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:00	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA549-E2B5B9-B13C39-B4LK8R-K1NKSG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación".

En base ao anterior, non se admite a presentación de documentos de formalización doutros contratos públicos, posto que a acreditación esixida deberá realizarse mediante certificados expedidos polo órgano competente; e o importe dos contratos deberá ser como mínimo de 44.000,00 euros.

b) Procedemento aberto para a contratación do proxecto "Substitución de instalacións no centro deportivo da piscina das Travesas" (1.571-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do proxecto "Substitución de instalacións no centro deportivo da piscina das Travesas" (1.571-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "EXECUCIÓN DE SUBSTITUCIÓN DE INSTALACIÓNS NO CENTRO DEPORTIVO DA PISCINA DAS TRAVESAS", redactado polo Enxeñeiro Industrial D. David López Mera.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 29 de marzo de 2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SEISCENTOS OITENTA E SEIS MIL CATROCENTOS SESENTA E SETE EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (686.467,68 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 119.139,02 €.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:00	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA549-E2B5B9-B13C39-B4LK8R-K1NKSG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3420.6230015 (Deshumectadores, Eq. prod.E. Térmica, Bomba calor, condut. Luminarias, Compl.TravesasT), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	600.000,00 €
2024	86.467,68 €
TOTAL	686.467,68 €

Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 4 de agosto de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do proxecto “Substitución de instalacións no centro deportivo da piscina das Travesas” (1.571-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ S.A.	95,69
2	ACEUVE S.L.U.	86,49

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCTORA SAN JOSÉ S.A. (A-36.006.666), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCTORA SAN JOSÉ S.A., o día 7 de agosto de 2023, que presenta a documentación requirida o 10 de agosto, dentro do prazo concedido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:00	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA549-E2B5B9-B13C39-B4LK8R-K1NKSG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 18 de agosto de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCTORA SAN JOSÉ S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCTORA SAN JOSÉ S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 21 e 31 de xullo de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a CONSTRUCTORA SAN JOSÉ S.A. (A-36.006.666) o procedemento aberto para a contratación do proxecto "Substitución de instalacións no centro deportivo da piscina das Travesas" (1.571-441) por un prezo total de 607.498,02 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 105.433,54 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:00	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA549-E2B5B9-B13C39-B4LK8R-K1NKSG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:00	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA549-E2B5B9-B13C39-B4LK8R-K1NKSG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		